



CONDICIÓN XERAIS DE CESIÓN DA EXPOSICIÓN:

1. A exposición pode ser solicitada por calquera entidade que leve a cabo actividades de Educación e Divulgación Ambiental.
2. O período normal de préstamo é de 15 días. Recóllese a posibilidade de ampliar dito período en función das necesidades da entidade concesionaria e as posibilidades do calendario de préstamo.
3. Acordaranse as datas de **ENTREGA E RECEPCIÓN**, debendo ser respectadas para o bo desenvolvemento do calendario de concesións.
4. A entrega e recepción da exposición farase na SGEA en horario de 9 a 14 h.
5. O **PRÉSTAMO** da exposición é **GRATUÍTO para entidades sen ánimo de lucro**, sendo o transporte, carga, descarga, montaxe e desmontaxe por **CONTA DO USUARIO**. A entidade adjudicataria está obrigada a ocuparse dos traballos de carga e descarga da exposición da SGEA- FEG.
6. A entidade solicitante debe enviar, debidamente cumprimentado, o formulario de solicitude. Non se considerará en firme ningunha petición ata a recepción deste formulario. A reserva será por rigoroso orde de chegada de solicitude.
7. USUARIO faise **RESPONSABLE** por escrito da **EXPOSICIÓN** e debe correr cos **GASTOS** derivados do **DETERIORACIÓN** da mesma. **Valor da exposición** a ter en conta en caso de danos: **2.100 €**.
8. O usuario devolverá todo o material da exposición **CONVENIENTEMENTE EMBALADO** para asegurar a súa correcta conservación.
9. O compromiso de préstamo da exposición é directo entre a entidade adjudicataria e a SGEA, sen posibilidades de intermediarios.
10. O usuario comprométese a facer un **USO RACIONAL** e **ÉTICO** da exposición cedida.

11. O usuario comprométese a cumprimentar a FICHA DE AVALIACIÓN, así como facilitar a documentación e información xerada pola mostra da exposición e entregala o DÍA de DEVOLUCIÓN da exposición, ben sexa en MAN, por CARTA ou mediante CORREO ELECTRÓNICO.
12. Tanto na exposición como nos materiais divulgativos ou publicitarios editados pola entidade adxudicataria deberá constar, de forma perfectamente visible, a AUTORÍA por parte da SGEA e a FEG e a inclusión dos seus logos.
13. A XUNTA DIRECTIVA da SGEA e a COMISIÓN PERMANENTE da FEG resérvanse o dereito de ANULAR a cesión dunha exposición por causas que así o xustifiquen.
14. No caso de CONFLITO, a entidade adxudicataria comprométese a aceptar os xulgados de SANTIAGO para a súa resolución xudicial.
15. O INCUMPRIMENTO de calquera destas condicións supón a ANULACIÓN da concesión da exposición.
16. O envío da solicitude de préstamo supón a aceptación e o cumprimento das condicións expostas.

CLAÚSULA DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE:

1. Mediante a presente cláusula, a FEG e a SGEA manifestan que non asumen ningún tipo de responsabilidade en relación aos posibles danos materiais e/ou persoais e/ou prexuízos consecuenciais que os materiais da exposición poidan causar a terceiros durante o período de exposición.